

## **BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE OUTES CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025**

### **TÍTULO I.- NORMAS XERAIS.**

#### **CAPÍTULO ÚNICO.- NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

##### **BASE 1ª.- NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS**

A aprobación, execución e liquidación do orzamento xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica e da súa fiscalización, realizarase con suxeición ás normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das corporacións locais e consonte estas BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, redactadas de acordo co artigo 165.1. do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

##### **BASE 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Ao abeiro do artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, estas bases só estarán en vigor durante a vixencia do orzamento xeral correspondente ao exercicio 2025 e, no seu caso, durante a súa prórroga.

##### **BASE 3ª.- INTERPRETACIÓN**

A Alcaldía resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases, tralo informe previo de Secretaría e de Intervención.

### **TÍTULO II.- O ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2025 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS**

#### **CAPÍTULO 1º.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA**

##### **BASE 4ª.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA**

Os créditos incluídos no estado de gastos do orzamento preséntanse co seguinte detalle:

- Clasificación por programas ou funcional, con tres ou catro niveis de desagregación en función do esixido no anexo I da Orde FAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EFA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais: áreas de gasto,



políticas de gasto, grupo de programas e, algunha delas, por programas en cumprimento do disposto no antedito anexo I da Orde FAP/419/2014.

- Clasificación económica, con catro niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

A aplicación orzamentaria ven definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupos de programas, ou programas, e concepto, respectivamente.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

As previsións incluídas no estado de ingresos do orzamento clasifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, como se especifica na estrutura económica de ingresos da Orde EFA3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.

Consideraranse abertas con cero euros todas as aplicacións que resulten da aplicación da antedita Orde ministerial pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais. Nestes supostos, no primeiro documento contable que se expida consignarase unha dilixencia que indicará: “Primeira operación imputada ao concepto”.

## **CAPÍTULO 2º.- OS CRÉDITOS, AS PREVISIÓNS INICIAIS E A PRÓRROGA DO ORZAMENTO**

### **BASE 5ª.- DOCUMENTACIÓN ORZAMENTARIA**

O expediente formado para a tramitación do orzamento xeral conterá a seguinte documentación (art. 168.1 do RD Lex. 2/2004):

- Memoria da Alcaldía.
- Informe de Intervención.
- Informe económico-financeiro.
- Estado de ingresos e gastos.
- Anexo de persoal.
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do ano actual.
- Anexo de investimentos.
- Anexo de estado de previsión de movementos e situación da



débeda (art.166.1.d. do RD Lex. 2/2004).

- Anexo de beneficios fiscais
- Anexo dos convenios subscritos coa Comunidade Autónoma para o financiamento dos servizos sociais.

En cumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, ao proxecto de orzamento de cada exercicio haberá que engadirlle a seguinte documentación:

- Proxecto de orzamento inicial e dos estados financeiros iniciais que deberán remitirse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas antes do primeiro de outubro de cada ano.
- O informe de estabilidade.
- O plan económico-financieiro, en caso de incumprimento dalgunha das obrigacións previstas na antedita Lei (obxectivo de estabilidade, regra de gasto ou volume de débeda).
- Marco orzamentario a medio prazo.
- Acordo sobre o límite máximo de gasto non financeiro (teito de gasto).

### **BASE 6ª.- CRÉDITOS E PREVISIÓNS INICIAIS**

Para a execución dos programas integrados no estado de gastos do orzamento xeral para o ano 2025 apróbanse os créditos precisos para facer fronte aos gastos que se prevén realizar no exercicio.

No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario.

### **BASE 7ª.- PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL**

Se ao iniciar o exercicio económico do ano 2026, non entrara en vigor o orzamento xeral correspondente a ese ano, considerarase automaticamente prorrogado o do exercicio 2025, ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias e outros ingresos específicos ou afectados, que exclusivamente foran a percibirse no devandito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións orzamentarias do



orçamento xeral do 2025 que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Alcaldía e tralo informe previo de Intervención. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990. Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do orçamento prorrogado ás previsións consideradas no proxecto do orçamento xeral pendente de aprobación.

Durante a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola lei.

Aprobado o orçamento deberán efectuarse os axustes precisos para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orçamento prorrogado.

## **CAPÍTULO 3º.- RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS**

### **BASE 8ª.- NORMAS XERAIS**

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron autorizados no orçamento xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante. Non poden adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe dos créditos autorizados coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a devandita limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 25.2 do Decreto 500/1990 que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ao nivel de vinculación xurídica que se sinala na seguinte base.

Por conta dos créditos do estado de gastos só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Con todo o anterior, aplicaranse aos créditos do orçamento vixente, no momento



do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a prol do persoal que perciba as súas retribucións por conta do orzamento xeral.

b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real Decreto 500/1990 requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

c) As obrigacións procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, relativas ao recoñecemento extraxudicial de créditos.

Cando como consecuencia das modificacións de crédito previstas nestas bases de execución se produza unha modificación do anexo de investimentos do orzamento, esta seguirá os mesmos trámites e será aprobada polo mesmo órgano que sexa competente para a aprobación do expediente de modificación de crédito.

### **BASE 9ª.- NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS**

Para o ano 2025 o nivel de vinculación xurídica dos créditos do orzamento xeral será o seguinte:

- Clasificación funcional: área de gasto
- Clasificación económica: capítulo

### **BASE 10ª.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO**

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do orzamento xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, artigos 35 a 38 do Decreto 500/1990 do 20 de abril e ás consideradas nesta base.

Cando deba realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado no orzamento do Concello, a Alcaldía ordenará a tramitación dos seguintes expedientes: a) De concesión de crédito extraordinario. b) De suplemento de crédito, ou de ámbalas cousas á vez.

Estes expedientes poderán financiarse:

- Con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais.



- Con novos ingresos non previstos.
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento.
- Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de investimento.
- Mediante baixas dos créditos de aplicacións de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducibles sen perturbación do servizo.

Tramitación dos expedientes:

-Proposta da Alcaldía, na que se detallará o carácter específico e concreto do gasto a realizar, o tipo de modificación a realizar, o carácter indemorable ata o exercicio seguinte do gasto e os medios de financiamento da modificación orzamentaria.

- Informe de Intervención.

- Aprobación inicial polo Pleno.

- Exposición pública do expediente por prazo de quince días hábiles, logo do anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia.

- Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade dun novo acordo posterior.

- Publicación do orzamento resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, incluíndo a/s modificación/s definitivamente aprobada/s.

### **BASE 11ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES**

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados agás os procedentes de operacións de crédito, todo isto consonte o artigo 39.1 do Decreto 500/1990. Para o exercicio 2025 terá a consideración de ampliable os créditos seguintes:

- Aplicación 151.22706 (gastos ocasionados ao Concello de Outes como consecuencia de execución forzosa de actos administrativos por medio de execución subsidiaria). Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito serán as liquidacións que se xiren antes da execución aos obrigados, e que supoñan o recoñecemento en firme de maiores dereitos sobre os previstos no orzamento de ingresos, subconcepto 399.01 (Outros recursos eventuais).



O expediente de ampliación deberá conter como mínimo os seguintes documentos:

- Informe da Tesourería municipal onde se poña de manifesto a efectiva recadación dos maiores ingresos previstos no subconcepto de ingresos 399.01 ou certificado de aprobación das liquidacións dos gastos derivados da execución subsidiaria, debidamente notificadas aos obrigados ao pago, que supoñan o recoñecemento en firme do dereito.

-Resolución da Alcaldía ou órgano en quen delegue, aprobando o expediente de ampliación de créditos.

### **BASE 12ª .-TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO**

As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non poderán minorarse, mediante transferencia, os créditos que se incrementaran con suplementos ou transferencias, agás cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.

c) Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, sexan obxecto de minoración, agás cando afecten a créditos de persoal.

Os expedientes de transferencias de crédito tramitaranse a proposta da Alcaldía, e ao expediente incorporarse unha certificación da Intervención acreditativa da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que deba ceder crédito, e o informe da Intervención.

A aprobación dos expedientes de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto de función corresponderá ao Pleno agás cando afecte a créditos de persoal. Na tramitación destes expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do orzamento xeral, así como o réxime de recursos contencioso- administrativos contra os devanditos orzamentos.

A aprobación dos demais expedientes de transferencias de crédito corresponderá á Alcaldía, ou órgano en quen delegue.



### **BASE 13ª.- XERACIÓN DE CRÉDITOS**

Poderán xerar crédito no estado de gasto do orzamento xeral os ingresos de natureza non tributaria derivados dalgunha das seguintes operacións:

a) Contribucións ou compromisos firmes de contribución de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xunto co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxectivos dos mesmos.

b) Alleamentos de bens do Concello.

En ámbolos supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito que se dea o acto formal do compromiso firme de contribución ou de recoñecemento do dereito.

c) Prestación de servizos.

d) Reembolsos de préstamos.

Os expedientes de xeración de créditos tramitaranse a proposta da Alcaldía na que deberá constar expresamente:

a) A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.

b) Os conceptos de ingreso onde se producira un ingreso ou compromiso non previsto no presuposto inicial ou que exceda a súa previsión inicial, e a súa contía.

c) As aplicacións orzamentarias do estado de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

Ao expediente achegarase copia do documento que acredite o recoñecemento do dereito, o compromiso firme da achega ou a súa efectiva recadación.

Os expedientes de xeración de créditos serán informados pola Intervención Municipal, previamente á súa aprobación. A aprobación dos mesmos corresponderalle á Alcaldía ou órgano en quen delegue.

### **BASE 14ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOR**

Os remanentes de crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

a) Os saldos de disposicións ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e as obrigacións recoñecidas.

b) Os saldos de autorizacións ou diferenza entre os gastos autorizados e os



gastos comprometidos.

c) Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

Os remanentes de crédito, para que produzan os efectos da súa posible incorporación ao exercicio seguinte, poderán atoparse nas seguintes situacións:

a) Remanentes de crédito non incorporables.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, agás aqueles que estivesen financiados con recursos afectados.

b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.

Poderán ser incorporados aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non empregados procedentes de:

1.-Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que fosen concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.

2.-Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, ao que se fai referencia no artigo 26.2, b) do Real Decreto 500/1990.

3.-Créditos por operacións de capital.

4.-Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

c) Remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriedade ao exercicio seguinte, agás que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores quedará subordinada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados aos mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e a súa autorización, poderán ser aplicados tan só



dentro do exercicio orzamentario seguinte e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.

- Tocante aos créditos que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro exercicio orzamentario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.

- Aos créditos financiados con recursos afectados non se lles aplicarán as regras de limitación no número de exercicios, con todo deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Para que produza os efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

- a) O remanente líquido de tesourería para gastos xerais.
- b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado consideraranse recursos financeiros suficientes:

- a) En primeiro lugar as desviación positivas de financiamento e os compromisos firmes de achega concertados e non realizados no exercicio, afectados aos remanentes que se pretenden incorporar.
- b) No seu defecto, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

As propostas de incorporación de remanentes de crédito terán en conta as seguintes prioridades:

1º.- Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse en primeiro termo á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.

2º.- O exceso, se o houbera, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.

3º.- Os recursos financeiros que resulten tralas incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

Os expedientes de incorporación de remanentes de crédito axustaranse ao seguinte procedemento:



- Proposta da Alcaldía, na que se detallen os remanentes que se pretenden incorporar, as aplicacións orzamentarias afectadas e os medios de financiamento previstos

-Certificación pola Intervención da existencia dos remanentes incorporables propostos.

-Informe de Intervención.

-Aprobación do expediente pola Alcaldía ou órgano en quen delegue.

A incorporación de remanentes de crédito correspondentes a gastos con financiamento afectado non requirirá a previa aprobación da liquidación do orzamento anterior nin a determinación do remanente líquido de tesourería, sempre que as incorporacións se financien con desviacións positivas de financiamento ou con compromisos de achega concertados e non realizados no exercicio.

### **BASE 15ª.-BAIXAS POR ANULACIÓN**

Poderá darse de " baixa por anulación" calquera crédito do orzamento de gastos ata a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que a devandita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo.

Poderán ser orixe dunha baixa de créditos:

a) O financiamento de remanentes de tesourería negativos.

b) A limitación da dispoñibilidade de créditos.

Para a tramitación dos expedientes de baixa por anulación observaranse os seguintes requisitos:

- Proposta da Alcaldía

- Informe da Intervención municipal

Corresponderalle ao Pleno a aprobación das baixas por anulación dos créditos incluídos no orzamento xeral.

## **TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL**

### **CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN**

#### **BASE 16ª.- ACUMULACIÓN DE FASES**

Consonte o artigo 184.2 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e os artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderanse



acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse presentar, polo tanto, as seguintes fases:

- Autorización-disposición (AD).
- Autorización-disposición-recoñecemento da obriga (ADO).

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordásense en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia, orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das fases que se inclúan naquel.

### **BASE 17ª.- RETENCIONS DE CRÉDITO E CRÉDITOS NON DISPOÑIBLES**

Dentro do importe dos créditos autorizados no orzamento xeral, corresponderalle á Intervención a retención de créditos baseándose nas propostas de gasto que efectúen os distintos órganos do Concello, ou cando polos Servizos económicos se estime conveniente para garantir unha correcta xestión e control dos créditos dispoñibles, en particular dos créditos con financiamento afectado e, en xeral, da totalidade do estado de gastos consonte o artigo 18 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que impón a obriga de realizar un seguimento periódico dos datos de execución orzamentaria e, se fora preciso, axustar o gasto no importe que corresponda para que ao peche do exercicio se acade o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Poderanse contabilizar como créditos non dispoñibles aqueles que contén con financiamento afectado en tanto non se teña acreditada a plena dispoñibilidade das súas fontes de financiamento, como xeito para garantir un correcto control do grao de execución da bolsa de vinculación xurídica na que se atopen tales créditos. Unha vez acreditada a dispoñibilidade das fontes de financiamento de ditos créditos, anularase o asento practicado anteriormente.

### **BASE 18ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS**

Por conta dos créditos do estado de gastos do orzamento xeral, a



autorización e disposición destes corresponderalle aos seguintes órganos:

Ao Pleno:

1) Os recoñecementos de obrigacións que supoñan un recoñecemento extraxudicial de créditos, por terse realizado sen consignación orzamentaria, ou por ser consecuencia de prestacións, obras, subministracións e demais gastos que se realizasen en exercicios anteriores. O recoñecemento de obrigas derivadas de compromisos de gastos non legalmente adquiridos por incumprimento dos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións ou análogos aplicables non terán a consideración de recoñecemento extraxudiciais de créditos, correspondéndolle á Alcaldía ou órgano en quen delegue. En todo caso, cando pola contía do gasto ou pola normativa aplicable en materia de contratación ou calquera outra o órgano competente para a aprobación e/ou disposición do gasto fose o Pleno, corresponderalle a este a aprobación do recoñecemento extraxudicial das correspondentes obrigacións.

Ao/Á Alcalde/sa ou ao Concelleiro-Delegado de Facenda:

- 1) O recoñecemento de obrigacións derivados de prestacións realizadas en exercicios anteriores cuxas facturas ou documentos xustificativos das prestacións realizadas fosen presentadas polos interesados no exercicio corrente, e sempre que no exercicio en que se realizaron ditas prestacións existise crédito axeitado e suficiente á data de peche do orzamento antes da realización das operacións de peche e regularización.
- 2) Os gastos de carácter ordinario que se produzan de forma regular e periódica durante o exercicio.

Será competente o Concelleiro-Delegado de Facenda, por delegación da Alcaldía, no suposto de que estableza especificamente unha delegación concreta neste sentido.

### **BASE 19ª.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGACIÓNS**

O recoñecemento das obrigacións restantes, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderalle á Alcaldía.

### **BASE 20ª.- ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS**

A ordenación de pagamentos daquelas obrigacións previamente



recoñecidas corresponderalle á Alcaldía ou, por delegación deste, á Concellería delegada de Facenda, no suposto de que estableza especificamente unha delegación concreta neste sentido.

As ordes de pagamento deberán acomodarse ao plan de disposición de fondos aprobado tendo prioridade, en todo caso, os intereses e o capital da débeda pública consonte o artigo 14 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, os gastos de persoal e as obrigacións contraídas en exercicios anteriores.

O pagamento material xustificarao a Tesourería municipal mediante o "recibín" do perceptor ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira.

#### **BASE 21ª .- XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO**

Non se poderán expedir ordes de pagamento sen que previamente se acredite documentalmente ante o órgano competente para recoñecer obrigacións, a realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso de gasto.

#### **BASE 22ª .- ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR**

Non se poderán expedir ordes de pagamento sen a debida xustificación da obrigación á que esta se refira.

Con todo, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento "a xustificar" consonte as seguintes normas:

1) A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar" deberá efectuarse logo de que o órgano competente aprobe a autorización e a disposición do gasto e o importe a xustificar non poderá exceder a cantidade de: 9.000,00 euros.

2) Os fondos librados "a xustificar" poderán situarse a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta para os efectos, ou ben entregándose en efectivo ao perceptor.

3) Os conceptos orzamentarios susceptibles de libramentos de fondos co carácter de "a xustificar", limítanse aos contidos no capítulo II, IV e VI.

4) A xustificación das ordes de pagamento expedidas co carácter de "a xustificar" deberá efectuarse no prazo de tres meses desde a súa expedición



e, en todo caso, antes de que remate o exercicio orzamentario.

5) Os perceptores de fondos librados "a xustificar" deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos devanditos gastos achegando facturas e documentos que a xustifiquen. A mencionada conta coa súa documentación deberá ser fiscalizada en todo caso por Intervención.

Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, achegando a dita conta o xustificante do ingreso efectuado.

No suposto de non render a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor de ditos fondos, de conformidade co disposto para o efecto na Lei Xeral Orzamentaria. De igual modo procederase contra os perceptores de fondos librados "a xustificar" polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

6) Só se poderán expedir ordes de pagamento "a xustificar" cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario outros fondos librados con este carácter.

Cando se trate de atencións de carácter periódico ou repetitivo terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

### **BASE 23ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA**

Os fondos librados "a xustificar" co carácter de anticipo de caixa fixa regularanos as seguintes normas:

1º) **Ámbito.**

Os anticipos de caixa fixa destinaranse exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como material de oficina non inventariable, subministro de produtos perecedeiros tales como combustible, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalacións, portes, etc, e calquera outro de similar natureza que sexan imputables ao Capítulo II do orzamento xeral de gastos.

2º) **Contía.**

Os anticipos de caixa fixa, en función dos gastos que se satisfarán con cargo aos mesmos, non poderán alcanzar unha contía superior a 3.000,00 euros.

3º) **Disposición de fondos.**

As disposicións de fondos das contas ás que se refire o apartado



anterior, efectuaranse mediante cheques nominativos ou pagamentos en efectivo, autorizadas polas sinaturas das persoas designadas para o efecto.

Os fondos dispostos por este concepto poderán estar constituídas en conta corrente en entidades financeiras ou en Caixa de efectivo.

Os gastos efectuados con cargo a fondos librados como anticipo de caixa fixa, de conformidade coas presentes normas, non estarán sometidos a intervención previa nos termos sinalados polo artigo 219.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

4º) Órgano competente:

A constitución de anticipos de caixa fixa así como a reposición dos fondos realizarase pola Alcaldía ou órgano en quen delegue.

#### **BASE 24ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL (art. 174 do RD Lex. 2/2004 e arts. 79 e ss. do RD 500/90)**

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.

Poderán adquirirse compromisos de gastos que teñan que estenderse a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que, ademais, se encuentre nalgún dos casos seguintes:

- a) Inversións e transferencias de capital.
- b) Os demais contratos e os de subministracións, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais que non poidan ser estipulados ou resulte antieconómico por un ano.
- c) Arrendamento de bens inmoables.
- d) Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos.
- e) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

O número de exercicios aos que poden aplicarse os gastos referidos



nos parágrafos a), b) e e) do apartado anterior non será superior a catro. Así mesmo, nos casos incluídos nos parágrafos a) e e), o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito correspondente do ano no que a operación se comprometeu ás seguintes porcentaxes:

- no exercicio inmediatamente seguinte: o 70%.
- no segundo exercicio: 60%
- no terceiro: o 50%
- no cuarto: o 50%.

A aplicación dos límites sinalados nos apartados anteriores efectuarase tendo en conta os niveis de vinculación xurídica dos créditos.

Nos supostos de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, o Pleno da entidade local poderá acordar que os límites para gastos plurianuais se calculen sobre o importe do crédito extraordinario no primeiro caso e sobre o importe do crédito inicial máis o suplemento de crédito no segundo.

#### **BASE 25ª.- ENDOSOS**

O endoso de facturas, certificacións de obra ou de calquera outro documento que supoña un dereito de crédito deberá ser comunicado ao Concello a través dun medio fidedigno, previa solicitude de toma de razón. A toma de razón, que deberá ser asinada polo endosante (coa obrigaón de demostrar que conta con poder bastante para ceder os dereitos de crédito), polo endosario (coa mesma obrigaón que o endosante), realizarase pola Intervención do Concello.

#### **BASE 26ª.- REINTEGROS DE PAGOS**

Os procedementos de reintegros de pagos indebidos tramitaranse consonte o seguinte procedemento:

- Proposta da Alcaldía onde se detalle o pagamento efectuado, importe, perceptor e motivos polos que ten a consideración de pago indebido
- Informe de Intervención
- Resolución do órgano que aprobou o recoñecemento da obrigaón de aprobación do expediente, no seu caso, e polo que se requira ao perceptor á devolución da cantidade indebidamente percibida, outorgándolle un prazo de



audiencia de 10 días para a presentación de alegacións

- No caso de presentarse alegacións, resolveranse pola Alcaldía ou Concellería delegada de Facenda, previo informe de Intervención, e concesión dun prazo de 15 días para a devolución da cantidade percibida

- Transcorrido o prazo sen a presentación de alegacións, iniciarase automaticamente ao seu remate o prazo de 15 para a devolución da cantidade percibida

As cantidades adebedadas por este concepto terán a consideración de ingresos de dereito público, procedéndose á súa recadación pola normativa aplicable aos ingresos de dereito público.

No caso de que o perceptor dun pago indebido proceda ao seu reintegro de xeito espontáneo, sen o previo requirimento do Concello, non será precisa a tramitación do expediente, procedéndose á súa contabilización de acordo co previsto na Instrución de Contabilidade para a Administración Local.

## **CAPÍTULO 2º.- NORMAS REGULADORAS DE INGRESOS**

### **BASE 27ª.- RECOÑECIMIENTO DE DEREITOS**

En aplicación do artigo 219.4 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a fiscalización previa de dereitos substituirase pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores, mediante a utilización de técnicas de mostreo ou auditoría.

Procederá o recoñecemento dos dereitos cando se produza unha liquidación a favor da entidade. A estes efectos, unha vez aprobada realizarase o seu asento na contabilidade, de conformidade coas seguintes regras:

a) Nas liquidacións de contraído previo e ingreso directo, contabilizarase o recoñecemento do dereito cando se aprobe a liquidación de que se trate.

b) Nas liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo, contabilizarase no momento da aprobación do padrón.

c) Nas auto liquidacións e ingresos sen contraído previo, cando se presenten e se teña ingresado o seu importe.

d) No suposto de subvencións ou transferencias a percibir doutras administracións, entidades ou particulares, condicionadas ao cumprimento de determinados requisitos, contabilizarase como outros ingresos sen contraído



previo na conta 430.2 no momento do seu ingreso na Tesourería. Cando o ente concedente remita ao Concello algunha comunicación da expedición da orde de pagamento ou de aprobación da xustificación concedida ao Concello, poderase contabilizar como un ingreso de contraído previo e ingreso directo.

e) A participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma contabilizarase mensualmente, en forma simultánea, o recoñecemento e o cobro da entrega.

Correspóndelle ao alcalde, ou ao concelleira/o delegada/o de facenda, por delegación daquela, aprobar os acordos de devolución de ingresos indebidos e a anulación mediante resolución, previo informe de Intervención, de dereitos recoñecidos por exceso, correspondentes ao exercicio corrente, que se deriven da xustificación de expedientes de subvencións procedentes doutras Administracións.

#### CONTABILIZACIÓN DOS COBROS

Os ingresos procedentes da recadación, mentres non se coñeza a súa aplicación orzamentaria, contabilizaranse como ingresos pendentes de aplicación, integrándose, desde o momento en que se producen, na caixa única.

Os restantes ingresos formalizaranse mediante o correspondente mandamento, aplicado ao concepto orzamentario que proceda, no momento de se producir o ingreso.

Cando os centros xestores teñan información sobre concesión de subvencións, comunicarase a Intervención e a Tesourería, para que poidan efectuar o seguimento contable destas.

Por Decreto da Alcaldía, previo informe da Intervención, poderase establecer a contabilización dos ingresos mediante o réxime de ingresos pendentes de aplicación, como no caso de subvencións que son ingresadas na súa totalidade nunha anualidade pero financian gastos da anualidade seguinte, véxase o caso da subvención para o servizo de orientación laboral (en cumprimento do establecido nesta base, o importe da anualidade seguinte poderá contabilizarse como ingreso pendente de aplicación.)

#### **BASE 28ª .- OPERACIÓNS DA TESOURERÍA**

Consonte o artigo 52.1 parágrafo primeiro do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora



das Facendas Locais, as operacións de Tesourería que sexa preciso realizar ao longo do exercicio e que non estean previstas inicialmente no estado da débeda do Orzamento, terán a consideración de contratos de dereito privado sempre que, previo informe de Intervención, exista crédito dispoñible ata o remate do exercicio para o xuros que previsiblemente se devenguen.

## **CAPÍTULO 3º.- FUNCIÓN FISCALIZADORA**

### **BASE 29ª.- EXERCICIO DO CONTROL INTERNO**

1º. O control interno da actividade económico-financieira do sector público local exercerase polo órgano interventor mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro, consonte ao disposto no RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, que desenvolve regulamentariamente o artigo 213 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

A tal efecto, estarase ao disposto no citado regulamento.

2º.-En cumprimento do artigo 15 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, con ocasión da dación de conta da liquidación do Orzamento, a Intervención elevará ao Pleno informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Este informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Pola súa banda a Alcaldía pode presentarlle ao Pleno un informe xustificativo desas actuacións.

En calquera caso cando existan discrepancias a Alcaldía pode elevar as súas resolucións ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

A intervención remitiralle anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados pola Alcaldía e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á antedita documentación xuntaranse, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación Local.



### **BASE 30ª.-FISCALIZACIÓN PREVIA**

A fiscalización previa realizarse de acordo co réxime de fiscalización previa limitada acordada polo Pleno da corporación municipal en sesión de data 30 de xullo de 2020.

### **CAPÍTULO 4º.- CONTABILIDADE**

#### **BASE 31ª.- LIQUIDACIÓN E PECHE DO EXERCICIO**

1º.- Como consecuencia da liquidación do orzamento deberán determinarse:

- a) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pagamento a 31 de decembro.
- b) O resultado orzamentario.
- c) Os remanentes de crédito.
- d) O remanente de tesourería.

2º.- Corresponde á Alcaldía, logo do informe previo de Intervención, a aprobación da liquidación do orzamento do Concello.

3º.- En cumprimento do artigo 193.bis do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, consideraranse de dubidoso cobro os dereitos pendentes de cobro que presenten as seguintes características:

- a) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 25 %.
- b) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 50 %.
- c) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 75 %.
- d) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 100 %.

#### **BASE 32ª.- PROCEDIMIENTO PARA A APROBACIÓN DE BAIXAS XUSTIFICADAS DE DEREITOS E OBRIGACIÓNS PERTENCENTES Á AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS**



1º.- Con carácter xeral, para tramitar as anulacións ou baixas de dereitos e obrigacións incluídas na agrupación de presupostos pechados, seguirase o seguinte procedemento:

- Proposta motivada e detallada das baixas citadas, elaborada pola Tesourería.

- Informe de Intervención.

- Exposición ao público polo prazo de quince días hábiles, a través dun edicto no Boletín Oficial da Provincia.

- Aprobación por Resolución da Alcaldía ou, no caso de existir delegación en materia de facenda, da Concellería delegada de Facenda.

O procedemento anterior aplicarase nos seguintes supostos:

a) As modificacións do saldo inicial das obrigacións recoñecidas e/ou dos pagamentos ordenados, cando estean orixinados por prescrición de obrigacións recoñecidas e/ou pagamentos ordenados

b) As modificacións de saldo inicial dos dereitos pendentes de cobro, cando estean motivados por prescrición de dereitos recoñecidos.

2º.- Realizaranse mediante resolución da Alcaldía, ou Concellería delegada, no caso de existir delegación en materia de facenda, logo do informe previo de Intervención, sen que resulten de aplicación os trámites recollidos no punto anterior desta base, as anulacións ou baixas de dereitos e obrigas incluídos na agrupación de presupostos pechados, que orixinen as operacións contables que se indican a continuación:

a) As modificacións de saldos iniciais de obrigas recoñecidas motivadas por:

- Os erros no reflexo contable dos actos administrativos ou documentos que deron lugar ao recoñecemento da obriga, incluíndo a anulación de saldos duplicados.

b) As modificacións do saldo inicial dos dereitos pendentes de cobro orixinados pola existencia de omisións no reflexo contable de actos administrativos producidos en exercicios pechados, cando deben reflectirse co fin de garantir a permanente concordancia entre a información reflectida nas contas de recadación e da contabilidade.

c) As devolucións de ingresos indebidos por anulación de dereitos por:

- Anulación de liquidacións.



- Insolvencia e outras causas.

## **TÍTULO IV- GASTOS DE PERSOAL**

### **CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS**

#### **BASE 33ª.- INCREMENTO DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL**

1.- As retribucións íntegras do persoal funcionario e laboral experimentarán o incremento establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025 ou norma que así o recolla.

#### **BASE 34ª.- NÓMINAS**

1. O pagamento de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual, que se pechará o día 20 de cada mes.

2. A nómina será autorizada pola Alcaldía ou pola Concellería delegada de Persoal, no caso de existir esta delegación específica, previa fiscalización polo órgano Interventor de acordo co previsto na Base 29ª.

### **CAPÍTULO 2º.- NORMAS SOBRE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL**

#### **BASE 35ª.- PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL**

1º.- A contía dos diferentes conceptos retributivos que percibirá o persoal funcionario axustarase ás seguintes normas:

a) O soldo, trienios e pagas extraordinarias que correspondan aos diversos grupos de clasificación conforme ao EBEP, percibiranse nas contías sinaladas para o efecto na norma que fixa as retribucións no ámbito do sector público.

b) O complemento de destino será o correspondente ao nivel do posto de traballo que desempeñe o funcionario e a súa contía virá igualmente determinada pola fixada para o efecto na norma que fixa as retribucións no ámbito do sector público.

c) O complemento específico fixado na RPT para cada posto incrementarase na porcentaxe máxima fixada na norma que fixa as retribucións no ámbito do sector público.

2º.- O persoal laboral percibirá as retribucións segundo o previsto no



convenio colectivo en vigor.

3º.- O anexo de persoal comprende a relación valorada do persoal ao servizo do Concello para o exercicio do 2025, clasificada conforme ao sinalado no artigo 167 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, con indicación da contía individual de cada un dos conceptos retributivos consignada para o efecto.

4º.- Aboaranse en todo caso as asistencias pola participación en tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal ou de probas nas que a superación sexa necesaria para o desempeño de postos de traballo naqueles casos en que expresamente o autoricen as bases de cada convocatoria específica. Para tal efecto, unha vez coñecido o número de aspirantes admitidos, a Alcaldía, a través da oportuna resolución, fixará para cada convocatoria o número máximo de asistencias que poden devengarse tendo en conta as sesións previsibles segundo o número de aspirantes, o tempo necesario para a elaboración de cuestionarios, a corrección de exercicios escritos e outros factores de tipo obxectivo. Efectuarase proposta de gasto para reter o crédito orzamentario correspondente.

5º.- O importe do resto de indemnizacións por razón do servizo será o sinalado pola normativa estatal aplicable.

A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo será a establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e normativa que o desenvolva.

Para os efectos das axudas de custo, o persoal funcionario e laboral clasificarase segundo o establecido no Anexo I do RD 462/2002.

6º.- As persoas que realicen cursos de formación ocupacional organizados polo Concello, e teñan que desprazarse ata o lugar de realización do mesmo e facer unha distancia inferior a 3 km. percibirán con cargo aos recursos propios do Concello, as mesmas contías que perciban os que teñen que facer un desprazamento superior a 3 km. por parte da Xunta de Galicia, co fin de darlles un tratamento igualitario a tódolos alumnos destes cursos. A concesión destas axudas realizarase mediante Decreto do órgano competente por mor da contía mensual.



## **CAPÍTULO 3º.- INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

### **BASE 36ª.- INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

1º.- Durante o exercicio do 2025 as indemnizacións dos membros da Corporación rexeranse polas presentes bases e os acordos plenarios adoptados ó respecto.

2º.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación, ou polo seu Alcalde-Presidente, pagaranse logo da presentación do seu xustificante. A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo ou xestión oficial por razón do cargo será a establecida con carácter xeral no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e normativa que o desenvolva.

3º.- As axudas de custo dos membros da Corporación, por comisións de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación ou o seu Alcalde-Presidente, realizadas por razón do cargo, por traslado fóra do termo municipal, indemnizaranse trala súa xustificación consonte o que dispón o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio. Para estes efectos, os membros da Corporación asimiláranse ao Grupo 1 do Anexo II da devandita norma en caso de axudas de custo en territorio nacional, e ao Grupo 2 do Anexo III en caso de axudas de custo no estranxeiro.

4º.- Pola concorrencia efectiva a sesións de órganos de goberno do Concello, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán en concepto de asistencias os importes establecidos polo Pleno da Corporación. As asistencias a estas sesións acreditaranse por certificación de secretaría.

### **BASE 37ª. CONTRATOS MENORES**

1. A execución de gastos mediante contrato menor respectará en todo caso os límites máximos, cuantitativos e cualitativos, establecidos na lexislación vixente, e especialmente na LCSP.



2. Os contratos menores definiranse exclusivamente pola súa contía de conformidade co artigo 118.1 da LCSP. Terán a consideración de contratos menores:

- Contrato de obras cuxa contía non exceda de 40.000 euros
- Resto de contratos cuxa contía non exceda de 15.000 euros.

Estes contratos non poderán ter una duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos, e en ningún caso existirá formalización do contrato.

3. A tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está a alterar o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia de Proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 235 da LCSP, cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

- A tramitación do expediente do contrato menor, cuxa contía supere os 6.000 euros, IVE excluído, axustarase ao seguinte procedemento:

#### Aprobación do gasto

- Proposta de Gasto do responsable do servizo, na que se fará referencia ao obxecto do mesmo, facendo constar a oferta que o responsable do servizo considera máis favorable.
- Certificado de Intervención de existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente (Documento contable RC).



- Emitido o certificado de Intervención da existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado, a Proposta de Gasto, someterase á aprobación, en base aos acordos de delegación de competencias, notificándose ao provedor adxudicatario do servizo, subministración ou obra.
- Os Concelleiros delegados poderán asumir competencias de acordo co previsto nestas Bases de execución.

#### Recoñecemento da obriga

- Realizarase mediante achega da factura, que una vez presentada no Rexistro Xeral do Concello, entregárase ao correspondente servizo municipal para que se proceda a verificala e conformala.
- Realizado este trámite, a factura será remitida a Intervención Xeral para a súa Fiscalización, contabilización e posterior aprobación pola Alcaldía-Presidencia, mediante Decreto.
  - A tramitación do expediente do contrato menor, cuxa contía non supere os 6.000,00 euros, IVE excluído, axustarase ao seguinte procedemento:

#### Aprobación do gasto e Recoñecemento da obriga

- Previamente deberase realizar proposta de gasto no modelo normalizado, por parte da concellería correspondente, no que se sinala a natureza do gasto que se pretende realizar, con detalle do importe e provedor, así como unha breve xustificación da necesidade da súa realización e de que non se está a alterar o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos umbrais dos contratos menores. A persoa administrativa de Intervención valida a proposta, unha vez contabilizada a retención de crédito, por parte de Intervención certifícase a existencia de crédito e a Alcaldía autoriza o gasto sen resolución, pasando a formar parte do Libro de Autorizacións de Gasto. Posteriormente estas autorizacións son elevadas a decreto previa ou simultaneamente á aprobación das facturas correspondentes.



- O recoñecemento da obriga realizarase mediante achega da factura, que una vez presentada no Rexistro Xeral do Concello, entregárase ao correspondente servizo municipal para que se proceda a verificala e conformala.
- Realizado este trámite, a factura será remitida a Intervención Xeral para a súa Fiscalización, contabilización e posterior aprobación pola Alcaldía-Presidencia, mediante Decreto, en función dos acordos de delegación de competencias.

4. Queda prohibido todo fraccionamento do gasto que teña por obxecto eludir os trámites e contías regulados na presente Sección.

2. A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior, aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a 5.000,00 euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fóra o de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.

### **BASE 38ª.- ACTIVIDADE DE FOMENTO E SUBVENCIONS NOMINATIVAS**

A presente base ten por obxecto establecer as bases reguladoras das subvencións, que se definen como toda disposición de diñeiro realizada polo Concello de Outes a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpran os seguintes requisitos:

- Que sexan sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a adopción dun comportamento singular, xa realizado ou por realizar, ou a concorrencia dunha situación, debendo o



beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se tiveran establecido.

- Que o proxecto, acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

As subvencións outorgadas por esta Entidade Local rexeranse pola normativa seguinte:

- Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Pola Ordenanza Xeral en materia de subvencións desta entidade.
- Polas Ordenanzas específicas nesta materia.

Con carácter previo á concesión de calquera subvención, deberá constar no expediente que o solicitante se acha ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes; acharse ao corrente no pago de obrigacións por reintegro de subvencións, e certificado expedido pola Tesouraría de que o solicitante non é debedor por ningún concepto a esta Tesouraría Municipal.

A acreditación do cumprimento da situación de estar ao corrente de obrigacións por reintegro practicarase a través dunha declaración responsable, declaración que tamén substituirá ás certificacións do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social nos supostos de subvencións por importe inferior a 3.000 euros.

As subvencións nominativas poderán ser obxecto de solicitude de anticipos por parte das entidades beneficiarias, cun máximo do 70% da contía prevista anual.

As subvencións nominativas, recollidas no orzamento para o exercicio de 2025, que pola súa natureza non son obxecto de concorrencia son as seguintes:

- Asociación Adisbismur, ata un importe máximo de 2.000,00 euros, para cubrir gastos correntes propios das súas actividades de atención aos usuarios (transporte, alimentación, etc), por conta da aplicación



orzamentaria 2314/48000

- Asociación Misela, ata un importe máximo de 1.000,00 euros, para cubrir gastos correntes propios das súas actividades de atención aos usuarios de Outes (transporte, alimentación, tratamento e asistencia terapéutica e fisioterapéutica, etc), por conta da aplicación orzamentaria 2314/48000
- Asociación A Creba Saúde Mental, ata un importe máximo de 1.400,00 euros, para cubrir gastos correntes propios das súas actividades de atención aos usuarios de Outes (transporte, alimentación, etc), por conta da aplicación orzamentaria 2314/48000.
- Asociacións de veciños ou comisións ou comités organizadores de festas parroquiais ou tradicionais no Concello, nas que en cada día das festas se realice unha actuación musical, ata un importe máximo de: 300,00 euros por día de celebración, con un máximo de 600,00 euros por festa, por conta da aplicación orzamentaria 338/48004.
- Asociación cultural Banda Municipal de Outes, ata un importe máximo de 9.000,00 euros, por conta da aplicación orzamentaria 334/48003, para a realización de actuacións nas festas tradicionais de diversos lugares do Concello.
- Outes Fútbol Club, ata un importe máximo de 21.000,00 euros, por conta da aplicación 341/48003 para o financiamento dos gastos correntes derivados da participación das diferentes categorías do equipo nas respectivas Ligas de fútbol.
- Clube Atletismo de Outes, ata un importe máximo de 3.200,00 euros por conta da aplicación 341/48003, para o financiamento dos gastos correntes derivados do desenvolvemento das actividades propias do clube, fundamentalmente a participación nas diferentes probas deportivas vinculadas ao atletismo ao longo do exercicio 2025.
- - Clube de Baloncesto de Outes, ata un importe máximo de 4.000,00 euros por conta da aplicación 341/48003 para o financiamento dos gastos correntes derivados do desenvolvemento das actividades propias do clube, fundamentalmente a participación nas diferentes probas deportivas vinculadas ao baloncesto ao longo do exercicio 2025.
- Escola de Piragüismo Outes: ata un importe máximo de 6.500,00 euros, por conta da aplicación orzamentaria 341/48003 para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das actividades propias do clube,



tales como formación, participación en competicións, etc ao longo do exercicio 2025.

- ANPA do C.E.I.P “Plurilingüe Outes”: ata un importe máximo de 2.800,00 euros, por conta da aplicación 326/48003 para o financiamento de actividades extraescolares organizadas pola Asociación.
- IES Poeta Añón e C.E.I.P “Plurilingüe Outes”: ata un máximo de 1.200,00 euros a cada un deles, por conta da aplicación 326/48003 para o financiamento das viaxes de fin de curso dos seus alumnos (600 € por cada excursión).
- Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Outes: ata un máximo de 1.500,00 €, por conta da aplicación 135/48000 para financiar gastos propios da súa actividade.

O procedemento para a concesión das subvencións nominativas será o de concesión directa regulado na correspondente Ordenanza e é o convenio o instrumento habitual de canalización destas subvencións ou axudas. O procedemento para a concesión das restantes subvencións establécese na Ordenanza Xeral que as regula.

O alcalde, Francisco Calo Abelleira, no día da data sinalada á marxe  
DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

